

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de marzo de 2024**

Ás 18.55. horas do día 13 de marzo de 2024, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 18 de xaneiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA FOMENTO DA LECTURA ENTRE NENOS E ADOLESCENTES

D. Antonio Fernández Martín, de DO, expón o contido da moción.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que está valorando o contido da moción, pero que o que interpretan é que o Concello o que pretende é que a Deputación se faga cargo do seu gasto.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a raíz da moción lle veu á cabeza o libro “La muerte está en el camino”, que leu na súa infancia.

O Sr. presidente intervén para sinalar que, sen prexuízo de que lle parece que a idea é boa, parece que a moción vai na liña de que “mis ideas que as paguen outros”.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de DO (2) e a abstención do Grupo Popular (6) do Grupo Socialista (4) e do BNG (2) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Que a Deputación Provincial de Ourense se faga cargo e faga seu o plan de fomento á lectura do Concello de Ourense, para dotalo orzamentariamente e facelo extensible a todos os nenos-mozos menores de 18 anos na provincia.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, en relación co recente anuncio da suspensión do Plan Tarazana, pregunta se se vai volver abrir como se fixo noutros exercicios.

O Sr. presidente contesta que se incluírá na próxima modificación orzamentaria, na que espera contar co apoio de todos os grupos.

E, ás 19.02 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.